

TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L.



"O noso negocio é a xestión da percepción entre a empresa e o entorno"

Paula Carrera Álvarez

Datos básicos

Actividade:	Consultoría de comunicación
Sector de actividade	Servizos relacionados coa imaxe, a comunicación e o son
Nº empregados	20
Inversión inicial	12.000 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado ao 50% por fondos propios e préstamos bancarios.
Web:	www.torresycarrera.com
Municipio:	Vigo, Pontevedra
Ano creación:	2003

Descrición do proxecto

Somos unha Consultoría en Comunicación. Desde un punto de vista conceptual, o noso negocio é a xestión da percepción entre a empresa e o contorno, e para lograr os nosos obxectivos, empregamos desde a básica relación cos medios ata os máis sofisticados sistemas de prospección.

Desenvolvemos todas as áreas da comunicación, entre as que destacan:

-Comunicación externa, que xestionamos a través de diversas ferramentas (gabinete de prensa, campañas de comunicación corporativa, campañas de marketing, comunicación de crise, etc.).

-Comunicación interna: consideramos fundamental coidala ao máximo para proxectar ao exterior a imaxe que queremos transmitir.

-Public affairs: relacións institucionais sobre todo para empresas.

E tamén ofrecemos formación a través de cursos e seminarios que constitúen unha importante ferramenta de xestión comunicativa. Traballamos sobre todo a formación de portavoces, para que as empresas coñezan o medio no que se van desenvolver.



Datos empresa

Claves do éxito

Achamos que unha das claves fundamentais foi atopar cun mercado practicamente virxe, no que moi poucas empresas estaban incorporando a xestión da comunicación, e se o facían, estaban nun estadio aínda moi incipiente.

Outra das claves foi o coñecemento profundo do sector: proporcionamos aos nosos clientes e ao ámbito empresarial galego o know-how das grandes compañías de relacións públicas a nivel internacional.

Podemos atribuír ademais o éxito á formación continua, as sinerxías xeradas por un auténtico traballo en equipo, a reciclaxe constante e a incorporación das últimas técnicas en materia de comunicación.

Situación actual

A situación actual da empresa é boa. Temos corenta clientes, de moi diversos sectores da actividade económica con proxectos moi ambiciosos cuxa execución supón todo un reto profesional. Ademais a empresa está en pleno proceso de expansión, con delegacións en Santiago de Compostela, Madrid, Portugal e a Arxentina. A expansión internacional, iniciada no ano 2007, tivo como obxectivo aumentar a capacidade operativa nestes mercados. A nosa actividade profesional foi distinguida pola Asociación Internacional de Relacións Públicas (IPRA) con diversos premios e recoñecementos. Ademais, no 2007, recibimos o Premio da Asociación Española de Empresas Consultoras de Comunicación (ADECEC).

Perfil cliente

Fundamentalmente, os nosos clientes son grandes empresas que teñen unha sensibilidade comunicativa e coñecen o valor engadido que lles podemos proporcionar.

En moitas ocasións, os nosos clientes son os departamentos de comunicación destas empresas, que demandan os nosos servizos, por exemplo, para facer unha campaña de comunicación concreta.



Idea inicial

Despois de oito anos traballando no sector nas principais multinacionais da comunicación, pensamos que podíamos abordar o noso propio proxecto empresarial. Ademais, entendemos que Galicia era un mercado potencial moi interesante. Sabíamos que tiñamos moito que achegar ás empresas e industrias do noso contorno; un amplo coñecemento do sector e as ideas inspiradas polas nosas experiencias nas mellores multinacionais do sector.

Principales dificultades y amenazas futuras

Unha das principais dificultades foi buscar un equilibrio financeiro e desenvolver o noso proxecto empresarial cuns recursos moi limitados a nivel económico. Canto ás ameazas, pensamos no propio crecemento da compañía. Como consultores, temos un límite para garantir os criterios de calidade que temos como obxectivo. Temos proposto crecer, mais sen perder de vista os nosos propios límites, para garantir a calidade no noso traballo.

Perfil promotores

Paula Carrea é licenciada en Ciencias da Información (rama Xornalismo) e posúe formación complementaria en Relacións Públicas e Comunicación. Achega máis de oito anos de experiencia profesional nas principais multinacionais do sector. A empresa conta con outro socio máis.

Aptitudes necesarias

A creatividade e un profundo coñecemento das ferramentas coas que traballas, e sen dúbida o coñecemento, que basicamente é experiencia. No noso caso, resulta ademais esencial ser bos comunicadores.



Guía de Actividad

Gabinetes de comunicación (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

O reto que supón

Formación

¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?

Non, aínda que desde o comezo, apoiámonos no noso actual director financeiro, sen o cal non tería sido posible desenvolver este proxecto.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si, aínda que no noso caso, delegámolo. No entanto, somos totalmente conscientes de que é moi importante.

Anecdotalio

Acaba de ser publicada a primeira novela do outro socio e levamos nós mesmos a xestión da comunicación. Isto fíxonos vivir a todo o equipo a emoción de todo o proceso, desde a nova da publicación ata a presentación, a comunicación e as vendas. Foi unha experiencia apaixonante.

